



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Revisión dos actos en vía administrativa

CONVOCATORIA: 1ª Convocatoria autonómico

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/03/2024 - 09:00h ao 11/03/2024 - 14:00h

RESPONSABLE: PEREZ MONTERO, TERESA [teresa.perez.montero@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxecto do curso é expoñer, desde un enfoque práctico, o réxime xurídico da revisión dos actos en vía administrativa na recente Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), analizando os instrumentos que prevé o ordenamento xurídico para garantir o sometemento pleno da Administración Pública á Lei e ao Dereito.

Ao longo do curso afondaremos na análise das distintas vías para deixar sen efectos os actos administrativos que non son conformes a Dereito ou corrigir os erros de que adoezan, identificando, en función do vicio presente no acto, o procedemento previsto para a súa revisión.

Centrarémonos na análise dos actos impugnables ou revisables e dos órganos competentes para a súa resolución e faremos un estudo detallado das clases de recursos administrativos: reposición,alzada e extraordinario de revisión, así como das cuestións relativas á revisión de oficio dos actos administrativos e demais institucións xurídicas relacionadas coa anterior, como a declaración de lesividade, a revogación, ou os límites á revisión de oficio.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

1. Introducción: Novidades da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas en materia de revisión dos actos en vía administrativa.
2. Revisión de Oficio. Declaración de lesividade. Revogación de actos e rectificación de erros.
3. Recursos Administrativos. Réxime xurídico xeral e regras comúns á tramitación de recursos.
4. Estudio dos recursos administrativos: recurso de alzada, recurso de reposición e recurso extraordinario de reposición.
5. Reclamacións previas á vía civil e laboral

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP.

3. DATOS EDICIÓNS**T01****LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN**INICIO / FIN:** 30/04/2024 a 24/05/2024**NUM. PRAZAS:** 50**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)**DATA EXAME:** 29/05/2024 ás 16:30h**DOCENTES NOMEADOS**

SILVIA NEGREIRA VIDAL

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

En liña